

Comunicado nº 221/19

23 de setembro de 2019

## NOTIFICACION OBRIGATORIA DAS PRESENTACIÓNS DE PROBAS DEPORTIVAS DE AUTOMOBILISMO NA GALICIA:

A Federación Galega de Automobilismo notifica os organizadores de probas de automobilismo, de tódolos campionatos, en base a realización do Programa de Promoción e desenvolvemento da nosa modalidade deportiva, na tempada 2019, **da obrigatoriedade de cursar invitación, a Secretaría Xeral Para o Deporte, para a súa asistencia as presentacións das probas de automobilismo con alo menos quince días de antelación.**

É imprescindible cursar a invitación directamente coa Secretaría na Subdirección Xeral de Plans e Programas Deportivos (secretaria.deporte@xunta.gal) porque algunha entidade deportiva, como Escudería Luintra entregou a invitación no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Ourense e non foi recibida na Secretaria.

O Convenio que a Federación suscribe coa Secretaria para o percibo das subvenciones para as probas de automobilismo establece na cláusula cuarta, obrigas de Federación e Organizadores:

Comunicarlle a Secretaría Xeral Para o Deporte os outros eventos de relevancia, con polo menos dúas semanas de antelación, **incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos a súa presentación, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral Para o Deporte neste eventos (4.4.2P)**

Por elo e en base a cláusula décimo primeira se dispón que "no caso de que a Federación-Escudería incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral Para o Deporte pode revogar total ou parcialmente a Subvención concedida. Por tódolo exposto requírese e advirtese a tódolos Comités Organizadores (Escuderías) da obrigatoriedade do cumprimento estricto do antedito.

**ASESORÍA XURÍDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**